

Amigas e amigos.
Señor Alcalde.
Querida Helena.

Vimos a este lugar fronte á ría, ao mar de Manuel Antonio, onde a dorna xeiteira saúda hoxe co seu branco leme. Neste lugar para o traballo e para tanto soño a navegar vimos chantar a pedra da escritora Helena Villar.

Hai lugares nos que, humanos, recoñecémonos ao recoñecermos neles existencia propia: este é ese lugar e serao máis dende hoxe.

Esta praza íntima na que habita a perfección xeométrica que nace da estrela ou rosa dos ventos por nacer aínda. Aberta ao peirao e á ría que ama xenerosa no froito. A través desta pedra da Escritora, do poema acrisolado en pedra, o lugar devirá nese punto de fuga misterioso que abre horizontes novos que arrolan, familiares, e nos que se conteñen todas as existencias deste mar amigo, de fartura.

Recreamos este lugar para o sosego, onde ollar os marabillados solpores de Rianxo. O tremelucir das ondas xa na súa extenuación de mar interior ou amorosa ría.

Esta Praciña que levará o nome de Helena Villar, dende hoxe abre no poema un novo ollar, abre as súas maos ao peirao de Sete Fogas, sempre de brazos abertos aos que chegaron e partiron no seu día a día mariñeiro. É lugar tamén dorido de tanto ollar partir de tanta despedida, dos que ficaron e dos que partiron para, ás veces, nunca máis retornar.

Chantamos hoxe esta pedrafita poética e -acompañando a vida mineral e eternamente viva do poema na pedra- o loureiro, co que poderemos seguir os ciclos estacionais co seu verde charón que máis dunha vez acompañará os domingos de Ramos da infancia, o canto dos paxaros, tamén os seus silencios.

Terra de Castelao, de Manuel Antonio, de Dieste. Cada un no seu devir vital foron navegantes dos mares da verdade, eles, tres capaces de nos dar resposta a esenciais preguntas que marcan o camiño dunha Terra amada e de todo o seu tempo futuro, noso.

A partires dos versos insculpidos na pedra da escritora levaremos con nós este lugar, este signo tatuado na pel mineral de Rianxo que botará a andar e saberá camiñar e formar parte da paisaxe dos soños futuros.

Así os nenos de Rianxo e da Galiza toda, cando aprendan a ler os textos de Helena e aprendan a ser mariñeiros do soñar, aprenderán a ler os ceos despois de teren, en silencio, conversas coas estrelas do ceo que sempre nos acompañan, como nos acompañan as estrelas de Manuel Antonio. Facemos co poema na pedra esta encrucillada, este sutil lugar para que nel orballen infinitas na maré alta e na maré baixa, cando o mar sexa fráxil e tremelucinte espello, leve pucharca que reflecta o indefinible da luz.

Hoxe co poema de Helena na Pedra, neste abrazo fraterno entre a terra e o mar, ese acto de amor ente a Terra humanizada e o mar ou íntima ría que fai do son un silencio fecundado; a conxugación de vento mareiro de silencio que só é capaz de se dar na dimensión da poesía.

Cesáreo Sánchez Iglesias
Presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega
Rianxo, 25 de xuño de 2016